

Isolina Méndez Rodríguez

A relevancia pública de Celestino Poza Pastrana, aínda hoxe lembrado con cariño pola veciñanza de Pontevedra, e a durísima represión sufrida pola súa familia fixo que a biografía da súa segunda muller, Isolina Méndez Rodríguez, quedase en certo modo eclipsada a pesar de que tamén foi vítima da barbarie franquista anos antes de contraer matrimonio co doutor. De Isolina non se coñece militancia política nin sindical, mais os franquistas pontevedreses detivérona, rapárona e impedíronlle seguir exercendo como mestra como fórmula de presión cara ao seu irmán Benito, tamén mestre, que en 1933 chegou a ser candidato ao Parlamento polo Partido Radical Socialista, do que era secretario.

Tres anos despois, en 1936, o fascismo quitoulle a Isolina a escola rural na que ensinaba, preto de Fornelos de Montes. Impedíronlle exercer e só puido dar clase no colexio que as súas irmás Maruja, Mercedes e Canducha tiveron durante anos na vivenda familiar, sita no inmóbel que na actualidade acolle A Casa das Campás, a instalación municipal da rúa Don Filiberto. Foi alí onde estudaron os fillos que Tino Poza tivera coa súa primeira muller, Aurelia Couto Mallén, finada en 1938, e, segundo a familia, foi así como se coñeceron Tino e Isolina. Casaron e despois da voda ela deixou a escola nas mans das súas tres irmás que a mantiveron aberta até a morte de Canducha. Ademais, as irmás Méndez, moi lembradas en Pontevedra, compaxinaron o ensino coa apertura na mesma cidade, e en sociedade co seu cuñado Tino, da librería Pondal.



Foi no faiado dese inmóbel, escola e vivenda familiar, tras unha porta ben camuflada, onde as mestras agocharon o seu irmán, Benito Gabino Gerardo Méndez Rodríguez, que antes da II República fora militante do Partido Republicano, e tras ser secretario e candidato do Partido Radical Socialista en 1933, formou parte de Unión Republicana.

Benito estivo agochado durante todo un ano, até que no verán de 1937 puido saír cara ao exilio venezolano por Portugal. Alí coñeceu á canaria María Ofelia Sangil Hernández e alí casaron, pero o 4 de febreiro de 1954 decidiron regresar a Pontevedra coa descendencia e Ofelia púxose tamén a traballar como docente na cidade, concretamente impartindo francés na escola de Maxisterio. O historiador Xosé Álvarez Castro, alumno seu, conta que “tiña tendencia a falar de cousas alleas á materia e era unha *buenaza*. Lembro de frases súas contra a ditadura de Pérez Giménez en Venezuela. Decía: *todos los dictadores son bajitos*”.

Mais no momento do golpe de Estado Benito estaba solteiro, a súa nai xa falecera e foron as súas irmás as que lle deron cobertura. Os falanxistas foron buscar por el á casa familiar pero, ao non dar co tobo, levaron ao cuartel a Isolina, rapárona e tivérona presa durante algo máis dun mes na Normal, nun van intento de que delatara o seu paradoiro. Ademais, segundo lembra a familia, chegaron a decretar arresto domiciliario para todas as irmás.

Benito estaba inculpado na causa 1136/36 e tras ser declarado en rebeldía durante o seu exilio venezolano, o mesmo ano do seu regreso a España, e en concreto o 12 de xullo de 1954, foi condenado a unha pena de vinte anos, conmutada ese mesmo día a seis anos e un día para posteriormente obter o indulto, segundo explica o profesor Álvarez Castro.

O seu cuñado Tino Poza tamén fora sometido a Consello de Guerra o 17 de febreiro de 1937, na mesma causa na que o seu pai, Celestino Poza Cobas, e outros 17 republicanos. Segundo explica o xornalista Manuel Jabois no artigo *Celestino Poza, el republicano que sostuvo el pulso al franquismo*, do *Diario de Pontevedra*, Tino rematara os estudos de Medicina en Madrid, coincidindo na residencia de estudantes con personalidades como Lorca (a quen recibiu en Pontevedra en 1932), Dalí ou Buñuel. Foi na capital do Estado onde se comprometeu a organizar en Galiza o Partido Republicano e, xa en Pontevedra, tras obter a praza de médico no Hospital Provincial, presidiría o Partido Radical Socialista, do que formaba parte, como secretario, o seu futuro cuñado. Pero no verán do 36, todo se derruba. O primeiro golpe chegálle xa nos albores da sublevación militar, o 17 de xullo de 1936, coa morte de Margarita, a máis pequena das tres criaturas que tivera coa súa primeira esposa, Aurelia, que tamén falecería apenas un ano despois.



Nos días posteriores ao golpe, Tino foi detido xunto ao seu pai, Celestino Poza Cobas, heroe de Filipinas que presidira a delegación en Pontevedra de Unión Republicana e que en febreiro de 1936 fora elixido deputado pola Fronte Popular. A súa bisneta aínda conserva unha orla daquel Parlamento.

Tras ser detidos, os Poza foron levados ao instituto pontevedrés, habilitado como prisión, mais boa parte do tempo pasárono no lazareto de San Simón, onde se converteron en persoas moi queridas para o resto dos reclusos. Un deses reclusos, Evaristo Mosquera, recolleu as súas lembranzas no libro *Catro anos a bordo dunha illa* onde explica que o maior dos Poza realizou un longo periplo por cárceres da provincia, sendo sometido a torturas que lle limitaron o movemento nunha man que exercitaba cunha pelota de goma. En varias das fotos que se conservan do Lazareto, tomadas na súa maioría polo tamén recluso vilagarcían Dámaso Carrasco, aparece Poza Cobas, facilmente recoñecíbel pola súa longa barba. Mosquera conta que, tras ser apresado, don Celestino prometeu que non a cortaría até que se gañase a guerra. Na parodia de xuízo ao que pai e fillo foron sometidos foi condenado a 12 anos, mentres que o seu fillo Tino resultou absolto, algo que non deixa de sorprenden á súa familia:

“Tivo sorte que o absolveron porque no xuízo fixo unha alegación en favor da República”.

Isidro Caballería, xenro de Isolina Méndez
Isolina Méndez Rodríguez

Segundo contou Manuel Jabois no mencionado artigo, nese Consello de Guerra Tino Poza tamén “interveu para ofrecer a súa vida a cambio da do seu pai”, que seguiría en prisión até 1941. A pesar da absolución, el tampouco abandonaría a illa até o 24 de novembro de 1937, cando xa se cumprira un ano desde o fusilamento do seu único irmán varón, Luís Poza Pastrana. A Luís, que militaba no Partido Galeguista, matárono o 12 de novembro de 1936 xunto a outros nove pontevedreses. Entre eles, José Adrio, o home da súa irmá Aurora. O seu pai e o seu irmán Tino recibiron a nova en San Simón, onde deixaron fonda calada no resto dos presos:

“Con nós estaba no Lazareto, o médico, don Celestino Poza, que toda a familia del era xente moi respectada. El estaba preso con nós e o fillo maior, Celestino, tamén, mentres que Luís, o pequeno, estaba en Pontevedra. Pois ao pequeno matárono e o director da prisión, Lago Búa, foi darlle o pésame a don Celestino... Síntoo moito tal e cal... O asasino ese do xefe da prisión tivo a desvergonza de ir darlle o pésame ao velorio, que cando foi que lle fusilaron ao fillo pequeno, xuntámonos presos no seu cuarto e pasamos a noite con el e máis co fillo maior”. Son declaracións do vilaxoanés Antonio Alejandro, outro recluso do Lazareto, nas que lembra un episodio que tamén se recolle no libro de Mosquera: “No (piso)



superior había unha sala grande na que se facía todos os días o reconto, cunha pequena habitación no limiar, na que durmían don Celestino Poza e o seu fillo maior, Tino, tamén médico, que por terse negado a residir na oficina e exercer moitas veces os seus servizos sanitarios na Illa, coidando as pequenas doenzas ou accidentes dos reclusos e até dos oficiais, dispuñan desta (...). No Lazareto recibiron a trágica noticia (do fusilamento) o pai e o irmán de Luís Poza e con eles pasamos gran parte da noite, e media mañá do día seguinte, na modesta habitación que ocupaban don Celestino Poza e Tino, nun sentido velorio, en que faltaba o cadáver. Os nosos sentimentos xa poden suporse, no entanto, os deudos conservaban unha relativa serenidade”.

Mosquera gababa tamén a faceta profesional e humana dos dous doutores: “Podo falar da actuación verdadeiramente admirábel dos médicos reclusos: don Celestino Poza e o seu fillo Tino e igualmente do bo médico do Grove don Jacobo Otero, así como de Sanguino, que se desviviron en todo momento por atenderen solicitamente os enfermos da Illa, fosen reclusos ou oficiais”, lembrando tamén no libro un episodio que forma parte da memoria colectiva da colonia de presos: cando Tino Poza e o seu pai se manteñen firmes na súa ideoloxía e, xunto a unha decena de reclusos (entre os que figura o propio Mosquera), se negan a confesarse e a recibir comunión co motivo da festividade do patrón. O aceno puido custarlles caro mais, polo contrario, valeulles a felicitación dun xefe militar. Mosquera cóntao así:

“Proseguiu a función relixiosa, pero cando chegou o momento culminante da comunión, don Luís (o xefe militar) desprazouse da tribuna, dirixiuse cara ao altar e diante do asombro duns e doutros, logo de comungar fervorosamente, pronunciou en voz alta estas ou parecidas palabras:

-Eu, como católico, apostólico, romano que son, ofrezco a miña comunión polo grupo de disidentes que tiveron o valor de mostrar as súas ideas dun modo claro e patente. Os demais serán sinceros ou non, e nada teño que obxectar, pero estes señores fórono sen dúbida e eu hónrome en estreitar a súa man.

Acto seguido dirixiuse cara a nós, que o mirabamos atónitos, e deu a man a don Celestino Poza, a quen polo visto xa coñecía e logo a todos os demais que formabamos o grupo (...) É fama que lle advertiu ao director que non se tomase ningunha clase de represalias contra nós”.

Aurora Adrio Poza, orfa de José Adrio, lembra ir coa súa nai Aurora Poza Pastрана e a súa tía Electra, irmás de Tino, de visita á illa de San Simón. E lembra tamén o medo que había na familia ás sacas nocturnas:



“O avó dicía que de noite desaparecía xente e a avoa contaba que nalguna ocasión viñan avisala de que estaban eles na lista de mañá... A lista de mañá era os que sacaban e paseaban. A avoa facía xestións, eu non sei con quen, e traíanos para aquí, para o cárcere de Pontevedra. Aquí había falanxistas moi amigos da casa e a avoa movíase para conseguir traelos un día ou dos, evitando que os pasearan”.

Aurora Adrio, sobriña de Isolina Méndez

Tino Poza mantivo sempre os seus ideais, mesmo no tempo do silencio imposto e a pesar do gran sufrimento polo que pasou a súa familia. Na Pontevedra exenta de liberdades que creou o fascismo, casou polo civil con Isolina Méndez, e segundo explica o seu xenro, o tamén doutor Isidro Caballería, puxéronlle moitos problemas mais el non cedeu e chegou a enfrontarse ao Gobernador Civil nos Soportais.

Anos despois volvería ter un enfrontamento, desta vez coa Igrexa, no funeral pola súa irmá Electra (“a Nena” como lle chamaban en familia), que por suposto os Poza quixeron fose civil. A familia sempre levou o seu laicismo como bandeira e aínda máis por iso é mostra do seu bo talante o feito de que a comunidade evangelista de Marín tivese instalada a igrexa nunha casa de don Celestino. Do sucedido tras a morte da súa filla, fala a súa neta Aurora:

“Non querían deixala enterrar. Meteron a caixa na capela do cemiterio e durante toda a noite estivo toda a xente velándoa. E o cura, que eran uns rojos e que non se enterraba... Tivo unha agarrada co meu tío Tino que case o agarra polo pescozo. Chegaron a considerar encher un ataúde de pedras para facer o paripé e enterrala a ela ás agachadas no panteón familiar. Ao final non fixo falta, houbo tal liorta! Mesmo con falanxistas dicindo que por riba de todo, a Nena se enterraba... e enterrámola, e metendo o ataúde pola porta principal, pero axiña nos fixeron un cemiterio privado para nós, porque levantaron un muro para separar o cemiterio católico do civil e fixéronos un peche cunha porta, que cada vez que queriamos ir, tiñamos que pedirlle ao enterrador a chave... Ao final era o noso cemiterio privado e até nos deu pena cando o abriron”.

Aurora Adrio, sobriña de Isolina Méndez

A presión sobre a familia non cedeu nin despois de que o maior dos Poza abandonase a prisión:

“O avó saíu de San Simón en 1941. Ao principio, cando viña Franco a Galicia, collíanos a el, a Tino e a outros rojos de Pontevedra e levábanos ao cárcere de Vigo. Iso era ao principio. Logo, en vez de levalos, tiñanos presos a cada un no seu domicilio. Non podían moverse e a policía por alí, pola nosa rúa, e nós falando de balcón a balcón. A avoa dicíalle ao seu fillo: *Tino, e logo, non saes hoxe? Co día espléndido que fai!... xa era cachondeo*”.

Aurora Adrio, sobriña de Isolina Méndez



Ademais, desde o momento do golpe, os fascistas fixeron continuos rexistros na casa familiar onde vivían a nai de Tino, Consuelo Pastrana, e a súa irmá Aurora cos dous orfos de José Adrio: Aurora, nacida en 1933 e que polo tanto aínda non cumprira os tres anos, e José Luís, nacido tras o asasinato do seu pai. Levaron todo canto de valor podía haber e ademais incautáronlles numerosas propiedades, entre elas, varios automóbiles do doutor que, segundo explica a familia, chegou a poñer en marcha unha liña de transportes e o sanatorio, que contaba con adiantos tan pouco habituais na época como a radioterapia. Aínda que boa parte do incautado foi devolto á familia en 1943, dous anos despois da saída do cárcere de Poza Cobas, o sanatorio fora baleirado e o material estragado.

Entre os bens, Celestino Poza Cobas tamén tiña un pazo que co tempo foi adquirido por Benito Méndez, o irmán de Isolina. Mercouno ao seu regreso do exilio en Venezuela e posteriormente vendeullo ao Concello, acollendo na actualidade o colexio Xoán XXIII.

Tanto no mantemento dos ideais, a pesar do sufrimento e o silencio imposto, como na necesidade de transmitirlos á descendencia, tiña Tino en Isolina a cómplice ideal. No obituario que o escritor Luciano del Río, amigo persoal do doutor, lle escribiu no *Diario de Pontevedra* tras o accidente de tráfico en que o matrimonio perdeu a vida, podía ler: “Tenía un gran temple moral respaldado por sus claras convicciones acompañado siempre en ellas por su esposa”. Foi conforme esas conviccións que Isolina e Tino casaran polo civil nun tempo en que manter as ideas estaba proscrito. E transmitiron eses valores á descendencia pois tamén foi civil o matrimonio da súa filla María Luísa con Isidro Caballería. Foi en 1971, polo tanto aínda vivo o ditador, e para facelo el tivo que apostatar. A ela non lle fixo falla porque no tempo en que había sotanas que eran refuxio de pistolas, Tino e Isolina mantivéronse firmes e tampouco claudicaron na imposición de bautizar á filla nin ao fillo.

“Costou bastante celebrar a voda, tivo que intervir Chalo Adrio (cuñado de Aurora, a irmá de Tino Poza). Falou con xente do réxime para que nos deixaran: Todo foron pegas. Ela non tivo que apostatar porque non estaba bautizada nin nada, pero eu si”.

Isidro Caballería, xenro de Isolina Méndez

A voda de María Luísa e Isidro -médico barcelonés chegado a Galiza para estudar a especialidade de Cirurxía, na que traballaría até pasar a dirixir a unidade de hospitalización a domicilio (HADO) en Pontevedra- celebrouse no mesmo ano en que un accidente de tráfico nunha perigosa curva de Combarro segou a vida de Isolina e Tino. O mesmo ano que María Luísa acabou a carreira de Medicina para converterse na primeira cirurxiá de Pontevedra.



Era a segunda dos seus fillos. Ao maior, un varón, chamáronlle Benito Luís, como os seus dous tíos represaliados por galeguistas. Un, fuxido e obrigado ao exilio durante anos. O outro, fusilado na Caeira cando apenas acababa de rematar a carreira de Medicina. Seguiulle a estela a súa sobriña, que tamén levaba o feminino do seu nome, María Luísa. O seu home lembra que foi para ela un esforzo xigante rematar aquel ano tras o terríbel accidente que a deixou orfa de pai e nai:

“Era o ano que rematabamos a carreira. Quedábanlle dous meses para terminar cando morreron os pais e foi un trauma porque houbo que facer un esforzo titánico para rematala”.

Isidro Caballería, xenro de Isolina Méndez

Era unha tarde de domingo en abril. Isolina acompañaba a Tino a Samieira, visitar un enfermo. Un autobús da firma La Unión saíuse do seu carril, invadindo o contrario e chocando contra o Seat 1500 no que viaxaba o matrimonio. El foi trasladado ao Hospital Domínguez e ela a Santa Rita, pero nada se puido facer pola súas vidas.

Naquel momento Celestino Poza, grande afeccionado á pintura, preparaba unha exposición en Barcelona. Os seus cadros foran gabados por nomes tan ilustres como Colmeiro ou Laxeiro. No artigo xa citado, Jabois relata que foron milleiros as persoas chegadas de distintos puntos da provincia que os acompañaron nos funerais, celebrados o 26 de abril de 1971, e que a pesar de non ter renegado nunca do seu republicanismo, recibiron os honores das autoridades do réxime, empezando polo entón vicepresidente da Deputación, Antonio Puig Gaité. Un réxime que chegara a recoñecerlle a súa valía profesional e persoal, entregándolle a Medalla al Mérito Militar, a pesar da súa condición de ex-reo. Foino non só nos meses posteriores ao golpe senón tamén mediada a ditadura pois en 1947 detivérono por pertencer á Unión de Intelectuales Libres. Daquela xa era coñecido no barrio da Moureira, que hoxe ten unha rúa co seu nome, como “Apóstol de los pobres”, pola súa entrega sen compensación ás persoas doentes de clase humilde. Tan evidente era esa entrega que chegou a ser proposto pola Deputación franquista á Medalla da Beneficiencia.

Isolina e Tino non chegaron a ver a morte do ditador que tanto dano causara ás súas familias pero viviron a longa noite de pedra fieis aos ideais que ambos compartían. Foi tal a simbiose que, anécdotas do destino, o enterrador confundiu as lápidas e baixo a que reza Celestino Poza descansaron os restos de Isolina Méndez, mentres que o nome dela ficou inscrito na lousa do seu compañeiro e pai dos seus fillos.